



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Ética e traballo social

Materia	Ética e traballo social			
Código	O05G220V01502			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Álvarez García, David			
Profesorado	Álvarez García, David			
Correo-e	davidalvarez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo da materia consiste en capacitar ao alumnado para un exercicio crítico e reflexivo da práctica profesional.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

### Código

A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C4	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
C5	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención

- C6 Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
- C8 Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
- C9 Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
- C10 Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
- C13 Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
- C14 Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
- C15 Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
- C16 Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco
- C17 Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
- C19 Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
- C20 Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
- C21 Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
- C22 Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
- C23 Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
- C24 Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
- C25 Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
- D1 Capacidade de análise e síntese
- D2 Capacidade de organización e planificación
- D3 Capacidade reflexiva
- D8 Capacidade de xestión da información
- D9 Resolución de problemas
- D10 Toma de decisións
- D11 Traballo en e con equipos diversos
- D12 Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
- D14 Habilidades nas relacións interpersoais
- D15 Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
- D16 Razoamento crítico
- D17 Compromiso ético
- D18 Aprendizaxe autónoma
- D19 Adaptación a novas situacións
- D20 Creatividade
- D21 Liderado
- D22 Iniciativa e espírito emprendedor
- D23 Motivación pola calidade
- D24 Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

1. Saber distinguir moral e ética e coñecer os rasgos formais básicos do discurso ético.	A1		C3 C4 C10 C13 C14 C15 C19 C22 C23 C24 C25	D1 D3 D9 D10 D15 D16 D17 D19 D24
2. Coñecer os desafíos máis destacados á ética como proposta normativa universalizable.	A1		C3 C4 C10 C22 C23 C24 C25	D1 D3 D8 D9 D10 D12 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D23 D24
3. Coñecer as claves para entender e valorar as principais teorías éticas normativas, así como as dificultades de xustificación de determinados principios morais.	A1		C22 C23 C24 C25	D1 D3 D9 D10 D12 D15 D16 D17 D19 D20 D23 D24
4. Analizar e sistematizar a información.	A2 A3	B2 B5	C2 C3 C4 C6 C8 C9 C10 C14 C15 C19 C20 C22 C23 C24 C25	D1 D3 D8 D9 D10 D12 D16 D20 D21
5. Administrar e ser responsable do seu propio traballo	A3 A4	B5 B6	C1 C6 C8 C10 C14 C15 C16 C17 C19 C20 C21 C22 C23 C24 C25	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D11 D12 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D22 D23 D24

6. Utilizar a mediación como estratexia de intervención para a resolución alternativa de conflitos.	A2	B2	C1	D1
	A4	B6	C2	D2
			C3	D3
			C4	D8
			C5	D9
			C6	D11
			C8	D12
			C13	D14
			C14	D15
			C16	D16
			C19	D17
			C20	D18
			C21	D19
			C23	D20
			C24	D21
		C25	D22	
			D23	
			D24	
7. Capacidade para recoñecer e analizar criticamente argumentos éticos de nivel básico.	A2	B3	C3	D1
	A3		C6	D3
	A5		C8	D9
			C23	D15
			C24	D16
				D17
				D19
			D24	
8. Capacidad para afrontar por si mesmo os problemas que suscitan as teorías éticas e consideralos un reto a súa propia forma de pensar.	A2	B3	C3	D1
	A3	B6	C4	D3
			C6	D8
			C8	D9
			C23	D16
			C24	D17
				D18
				D19
				D20
				D23
			D24	
9. Capacidad para recoñecer a relevancia social da ética.		B6	C2	D1
			C3	D3
			C4	D9
			C6	D10
			C8	D12
			C9	D14
			C10	D15
			C19	D16
			C23	D17
			C24	D19
			C25	D20
			D23	
			D24	
10. Capacidade para investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual.	A1	B6	C6	D1
	A2		C10	D3
	A3		C14	D8
			C17	D9
			C20	D10
			C22	D11
			C23	D12
			C24	D16
			C25	D17
				D18
				D19
			D20	
			D23	
			D24	

11. Habilidade para xestionar e resolver conflitos, dilemas e problemas éticos.	A2 A3	B2 B6	C2 C3 C4 C10 C20 C23 C24 C25	D1 D3 D9 D10 D16 D17 D19 D20 D24
12. Habilidade básica para defender en público as súas opinións éticas.	A2 A3	B6	C4 C6 C10 C13 C14 C15 C22 C24	D1 D3 D8 D9 D10 D11 D12 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23 D24
13. Contribuir á promoción das mellores prácticas do traballo social.	A2 A4	B2 B5 B6	C3 C4 C6 C8 C13 C14 C17 C22 C23 C24 C25	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D11 D12 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23 D24
14. Coñecer os códigos deontolóxicos do traballador ou traballadores social.	A1	B6	C2 C6 C8 C10 C13 C17 C20 C22 C23 C24 C25	D3 D8 D16 D17 D19 D20 D23

### Contidos

Tema	
1. Introducción á Ética:	Caracterización do fenómeno moral. Ética, moral e dereito. Identidade moral e rol profesional.
2. Perspectivas éticas e intervención social:	Autonomía e Paternalismo. Identidade, Recoñecemento, e Non-Humillación. Motivación e Raconalidade nos SS. (Altruísmo/Profesionalismo)
3. Ética Profesional e Xustiza Institucional.	Concepcións da Sociedade Xusta: Liberdade, Igualdade, Equidade, e Ben Común.

4. Deontoloxía e Xuízo Práctico Profesional: Os problemas do concreto/contextual.  
 A dimensión normativa da autorregulación profesional.  
 Os Códigos e as Concepcións da Ética Profesional. Análisis de casos  
 (confidencialidad, secreto profesional, protección de datos).

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	3	3	6
Foros de discusión	3	0	3
Seminario	15	30	45
Prácticum, Practicas externas e clínicas	0	3.5	3.5
Traballo tutelado	2	2	4
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20.5	20.5
Lección maxistral	22	44	66
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Estudo de casos	Análise e razonamento de casos prácticos e dilemas de ética profesional en contextos profesionais.
Foros de discusión	Posta en común e deliberación arredor de cuestións relativas á materia. Na maior parte destes casos a posta en común presupón o traballo individual previo das cuestións a examinar.
Seminario	A dinámica de seminario implica a co-rresponsabilidade na presentación de lecturas especialmente escollidas para suscitar a reflexión sobre problemas específicos e a aportacións de cuestións e contribucións que evidencien un grao de comprensión da materia e dos problemas correspondentes.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Sondeo mediante técnicas de entrevista, transcripción e análise, do tipo de razoamento moral predominante respecto da ética profesional e as convencións deontolóxicas da práctica.
Traballo tutelado	Desenvolvemento de prácticas especialmente deseñadas para poñer en práctica as competencias da materia a través de problemas específicos.
Resolución de problemas de forma autónoma	Lectura dun libro da bibliografía ou de temática afín -previamente acordado co profesor, e elaboración dunha breve reseña (max. 1000 palabras). A entrega realizarase o último día de clase en formato impreso (papel) e ademais por correo electrónico.
Lección maxistral	Desarrollo por parte do docente dos principais conceptos e contidos do temario, apoiado polas lecturas sinaladas e en interlocución coa clase.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistras correspondentes á parte teórica dos contidos serán desenvolvidas polo profesor ou profesora.
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesor ou profesora guiará ao alumnado na resolución de problemas prácticos planteados e dará as indicacións precisas para que o alumnado poida desenvolver de forma autónoma certos exercicios.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Seminario	A dinámica de seminario implica (A) responsabilidade na presentación de lecturas (Mínimo 1 presentación) (25%), e (B) Resolución de Exercicios e participación na discusión na aula con contribucións significativas para a comprensión da materia (Mínimo 1 Entrega) (25%).	50	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C8 C9 C10 C13 C14 C15 C16 C17 C19 C22 C23 C24 C25	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D21 D22 D23 D24
Exame de preguntas de desenvolvemento	Comentario de texto sobre unha cuestión relevante da materia.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B5 B6	C21 C22 C24	D1 D2 D3 D8 D9 D16 D18 D20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resposta a cuestións deseñadas para amosar a capacidade de relación e comprensión dos principais conceptos da materia.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B6		D1 D2 D8 D9 D10 D16 D17 D18

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado NON-PRESENCIAL, isto é, aquel que non cumpra os requisitos mínimos de asistencia (un 80% ás sesións) realizará as probas do exame final, co seguinte criterio de cualificación:

PROBAS DE RESPONSA LONGA/COMENTARIO---50%

PROBAS DE RESPONSA CURTA---50%

A 1ª convocatoria, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva en xullo.

**As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico**

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

A comezos de curso os estudantes deberán ter debidamente cumprimentados os datos persoais da plataforma (incluíndo correo-e e fotografía dixital).

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>) no espazo 'Exames.'

*a. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)*

*b. Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado*

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

ROMÁN, Begoña, **Ética de los servicios sociales**, 1ª reimpr., Herder, 2016

ARNSPERGER, Ch. e VAN PARIJS, Ph., **Ética económica y social: Teorías de la sociedad justa**, 1ª, Paidós, 2002

SALCEDO MEGALES, D., **Autonomía y Bienestar. La ética del trabajo social**, 2ª, Comares, 2001

BLACKBURN, Simon, **Sobre la bondad**, Paidós, 2002

YOUNG, Iris. M., **La Justicia y la política de la diferencia**, 1ª, Cátedra, 2000

### **Bibliografía Complementaria**

FRANKFURT, Harry, **Sobre la desigualdad**, 1ª, Paidós, 2016

MARGALIT, Avishai, **La sociedad decente**, 2ª, Paidós, 2010

VELLEMAN, J. David, **¿Cómo nos entendemos?**, 1ª, Avarigani, 2015

TAYLOR, Charles, **La ética de la autenticidad**, 1ª, Paidós, 1994

NUSSBAUM, Martha C., **Las fronteras de la justicia**, 1ª, Paidós, 2007

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Conceptos, teorías e métodos en traballo social/O05G220V01302

### **Outros comentarios**

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).